



## **CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PROVISIONAL DE PINCHES DE COCIÑA DO CHUAC.**

Analizada a complexa organización do Servizo de Cociña e co obxectivo de manter os estándares de calidade ao mesmo tempo que a estabilidade dos profesionais (no relativo a rotacións polos distintos postos), unha vez rematada a elección de destinos de persoal con praza en propiedade no último Proceso de Mobilidade Interna e existindo dispoñibilidade de postos, procédere á oferta de mobilidade provisional nas prazas que constan no anexo.

### **ÁMBITO SUBXECTIVO:**

Poderá solicitar mobilidade provisional todo o persoal con nomeamento de interino en praza vacante ou substituto de longa duración (duración previsible igual ou superior ao ano).

Aos profesionais que non comparezan á elección se lles asignará un dos postos sobrantes do presente procedemento.

Esta asignación provisional perderá vixencia por causas como:

Incorporación do propietario (Promoción Interna, CCSS, etc.).

Mobilidade interna definitiva (en caso de cubrirse o posto).

Incumprimento do cometido por parte do traballador.

### **BAREMO PARA O PROCEDIMENTO:**

Orde de puntuación na lista en vigor de aspirantes a vinculacións temporais da área sanitaria de a Coruña .

### **ACTO DE ELECCIÓN:**

Convocarase un acto público de elección de prazas que serán adxudicadas pola orde de puntuación na vixente lista de aspirantes a vinculacións temporais.

A incorporación efectiva ás prazas producirase a partir do 1 de xaneiro de 2022 xa que implica a posta en marcha de novos calendarios de quenda.

Utilizarase a listaxe resultante coa correspondente orde de prelación para a cobertura das ausencias que xurdan ao longo do ano e ate a convocatoria dun novo proceso de mobilidade interna. Será unha lista única que integrará todas as quendas de forma rotatoria. O profesional que non escolla praza pola orde de prelación correspondente, pasará ao final da lista.



As prazas adxudicadas en Unidades de hospitalización/ plantas rotarán entre a área de producción e empratado e a Unidade de hospitalización.

Publícase como anexo a relación de persoal que poderá participar no procedemento que será convocado para o **día 10 de novembro, mércores, ás 15,15 horas no salón de actos do HUAC.**

A Coruña 5 de novembro 2021

Director RR.HH da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.- Javier Fernández Nistal

